

Convenio colectivo de transporte de mercadorías por estrada da Coruña e a súa provincia (Anos 2004-2007)¹

Capítulo I

Ámbito de aplicación

Artigo 1º.-Ámbito territorial e funcional.

Este convenio será de aplicación en toda a provincia da Coruña para todas as empresas e o seu persoal laboral encadradas nas seguintes epígrafes de actividades do acordo de ámbito estatal para transportes de mercadorías por estrada, e os seus grupos e categorías profesionais correspondentes:

- a) Axencias de transporte.
- b) Transportes de mercadorías.
- c) Transportes de mobles e mudanzas.
- d) Persoal de servizos auxiliares.

Artigo 2º

As normas contidas neste convenio afectan a todos os traballadores fixos, interinos, eventuais ou temporais que desempeñen as súas funcións nas empresas englobadas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo anterior.

Quedan expresamente excluídos os profesionais contratados para traballos específicos que, non tendo o carácter de fixos, interinos, eventuais ou temporais, realicen un traballo baseado na aceptación de minuta ou orzamento.

Artigo 3º.-Ámbito temporal e denuncia do convenio.

Este convenio colectivo entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2004, finalizando o seu período de vixencia o 31 de decembro de 2007.

O convenio quedará denunciado automaticamente polas partes negociadoras deste convenio a partir do 30 de novembro de 2007, manténdose a vixencia dos seus contidos ata o asinamento doutro que o substitúa.

Artigo 4º.-Condicións máis beneficiosas.

Todas as condicións económicas e de calquera índole contidas neste convenio establécense co carácter de mínimas, polo que as condicións actuais implantadas nas distintas empresas que impliquen globalmente condicións máis beneficiosas con respecto ao establecido neste convenio, subsistirán para aqueles traballadores que as viñesen desfrutando, sen que en ningún caso se poidan establecer en prexuízo do traballador condicións menos favorables que as expresadas neste convenio colectivo.

Os traballadores que viñesen percibindo quebranto de moeda, continuarán facéndoo en calidade de dereito adquirido e co carácter de ad personam ao suprimirse definitivamente este complemento.

Capítulo II

Xornada, vacacións e licenzas

Artigo 5º.-Xornada.

Durante a vixencia deste convenio establécese unha xornada de 1.800 horas de traballo efectivo en cómputo anual e de 40 horas semanais de media. Sempre que a duración da xornada diaria continuada exceda de 6 horas, deberá establecerse para os traballadores de manipulación de mercadorías en almacéns pertencentes ás empresas suxeitas a este convenio, un descanso de 15 minutos que será computado como tempo de traballo efectivo, salvo que entre os traballadores e

¹ Publicado no DOG núm. 232, do 29 de novembro de 2004.

as empresas fixen xornadas continuadas de forma temporal ou excepcional, como por exemplo no verán.

Artigo 6º.-Vacacións.

Todos os traballadores, con independencia da súa antigüidade na empresa, terán dereito a 30 días naturais de vacacións remuneradas ao ano. O período total de desfrute das vacacións non poderá experimentar un fraccionamento superior a dous períodos.

Ademais do disposto no parágrafo anterior, o traballador con vinte anos de servizo na empresa que, logo de acordo con ela, decida voluntariamente o seu cesamento naquela por se acoller á xubilación anticipada, desfrutará dun período de vacacións adicional que se detalla a continuación:

- a) Seis meses de vacacións, se o traballador cesa na empresa aos sesenta anos de idade.
- b) Cinco meses de vacacións, se o traballador cesa na empresa aos sesenta e un anos de idade.
- c) Catro meses de vacacións, se o traballador cesa na empresa aos sesenta e dous anos de idade.
- d) Tres meses de vacacións, se o traballador cesa na empresa aos sesenta e tres anos de idade.

O desfrute deste período de vacacións producirase, de ser o caso e salvo pacto en contrario, inmediatamente antes do cesamento do traballador na empresa.

Artigo 7º.-Licenzas.

O traballador, logo de aviso e xustificación, poderase ausentar do traballo con dereito a remuneración por algún dos motivos e polo tempo seguinte:

- a) Quince días naturais en caso de matrimonio.
- b) Dous días nos casos de nacemento de fillo ou enfermidade grave ou falecemento de parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Cando, por tal motivo, o traballador necesite facer un desprazamento para o efecto, o prazo será de catro días.
- c) Un día por traslado do domicilio do traballador.
- d) Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal, comprendido o exercicio do sufraxio activo. Cando conste nunha norma legal ou convencional un período determinado, aplicarase o que esta dispoña en canto á duración da ausencia ou á súa compensación económica.

Cando o cumprimento do deber antes referido supoña a imposibilidade de prestación do traballo debido en máis do 20 por 100 das horas laborables nun período de tres meses, a empresa poderá pasar o traballador afectado á situación de excedencia regulada no punto 1º do artigo 46 do Estatuto dos traballadores.

No suposto de que o traballador, por cumprimento do deber ou desempeño do cargo, perciba unha indemnización, descontarase o importe dela do salario a que tivese dereito na empresa.

- e) Para realizar funcións sindicais ou de representación do persoal nos termos establecidos legal ou convencionalmente.

- f) De acordo coa Lei 39/1999, de protección ao embarazo.

Igualmente, e sen dereito a retribución, os traballadores afectados por este convenio terán dereito ao desfrute de 1 día para asuntos propios por cada un dos anos de vixencia do convenio, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) O traballador deberá avisar previamente a empresa cunha antelación mínima de 10 días naturais.

b) O día que se vai desfrutar non será acumulable ao período de vacacións do traballador.

Capítulo III

Réxime de retribucións

Artigo 8º.-Definicións.

A retribución do persoal afectado por este convenio estará estruturada polos seguintes conceptos:

a) Salario base mensual.

b) Complementos salariais.

-Persoais.

-De posto de traballo.

-De vencemento superior a un mes.

Artigo 9º

En ningún caso terán a consideración de salario as cantidades percibidas polo traballador polos seguintes conceptos:

a) As indemnizacións ou suplidos por gastos realizados como consecuencia da súa actividade laboral, tales como axudas de custo e gastos por viaxes e desprazamentos.

b) Prestacións e indemnizacións da Seguridade Social.

c) Indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despedimentos.

Artigo 10º.-Salario base mensual.

É a parte de retribución por unidade de tempo (salario base), incrementado polo rateo das pagas extraordinarias que se especifica no artigo 14º e cuxa contía figura recollida no anexo deste convenio.

Artigo 11º.-Complementos persoais.

Terán a consideración legal de complementos persoais os seguintes conceptos retributivos:

Complemento de antigüidade: todo o persoal afectado por este convenio percibirá con carácter xeral por este concepto durante a súa vixencia unha contía fixa por cada cinco anos de servizos prestados á empresa ata un máximo de cinco quinquenios.

As percepcións por quinquenios serán:

Ano 2004:

-Cinco anos: 52,03 A.

-Dez anos: 79,42 A.

-Quince anos: 103,43 A.

-Vinte anos: 129,45 A.

-Vinte e cinco anos: 155,45 A.

Os quinquenios comezaranse a devengar a partir do día primeiro do mes en que se cumpra o quinquenio.

Non obstante o anterior, os traballadores por este convenio e durante a súa vixencia, que cumpran 58 anos de idade e sempre que contén cunha antigüidade de 12 anos de servizo na empresa, percibirán unha gratificación de 66,11 euros por cada ano de servizo, que se aboarán nas seguintes tres mensualidades ás do cumprimento da idade como máximo.

Artigo 12º.-Complementos de posto de traballo.

Son aqueles que se perciben en razón das características do posto de traballo. Estes complementos son de índole funcional e a súa percepción depende exclusivamente do exercicio da actividade profesional no posto de traballo asignado, polo que non terán carácter consolidable.

Establécense os seguintes complementos de postos de traballo:

1. Complemento de perigosidade e toxicidade: as empresas que habitualmente transporten ou manipulen substancias explosivas, inflamables ou tóxicas

aboaranlles aos traballadores afectados por estes conceptos un complemento de 210,01 euros.

2. Complemento de longa distancia: os condutores e acompañantes que circulen por rutas do Estado español, excepto Galicia e provincias limítrofes, percibirán a cantidade de 73,75 euros mensuais.

Artigo 13º.-De vencemento superior ao mes (pagas extras).

Establécense tres pagas extraordinarias de trinta días de salario base máis antigüidade. Non obstante, mantendo o criterio das partes de reducir o importe das pagas extraordinarias en beneficio dun maior incremento dos salarios mensuais, destínanse cinco días de cada paga extraordinaria a incrementar os referidos salarios mensuais, de acordo coas táboas salariais anexas, incrementadas, se é o caso, coa antigüidade correspondente.

As pagas faranse efectivas nos meses de marzo, xullo e decembro de cada ano, respectivamente.

Artigo 14º.-Horas extraordinarias.

Terán a consideración de horas extraordinarias aquelas que excedan da duración máxima da xornada ordinaria de traballo.

Realizaranse ata un máximo de 80 horas anuais, acordándose, respecto dos distintos tipos de horas extraordinarias, o seguinte:

a) Horas extraordinarias habituais: redución drástica.

b) Horas extraordinarias estruturais: terán a consideración de horas estruturais as que veñan exixidas pola necesidade de reparar sinistros ou outros danos que poñan en perigo as instalacións da empresa e/ou materias primas; por avarías que requiran reparacións inmediatas; por ausencias imprevistas; por pedidos extraordinarios ou períodos punta de produción e pola chegada ao punto de destino.

Poderase compensar a súa realización, logo de acordo entre empresario e traballador, de dúas formas:

a) Preferiblemente aboándose en metálico baixo as seguintes regras:

1ª Hora extraordinaria normal: aboarase cun 30% de recarga sobre a hora ordinaria.

2ª Hora extraordinaria realizada en festivo ou domingo aboarase cun 100% de recarga sobre a hora ordinaria.

3ª Hora extraordinaria realizada nos días 24 e 31 de decembro, das 21.00 horas ás 7.00 horas do día seguinte de cada ano, aboarase cun 200% de recarga sobre a hora ordinaria.

b) En defecto da regra anterior, con tempos de descanso incrementados coa recarga correspondente, sempre que este descanso teña lugar dentro dos catro meses seguintes á súa realización. As horas compensadas desta maneira non entrarán dentro do cómputo do número máximo de horas extraordinarias anuais.

Para os efectos do cómputo destas horas, rexistraranse día a día as realizadas e totalizaranse mensualmente, entregando copias do resumo ao traballador na nómina correspondente.

Artigo 15º.-Axudas de custo.

Durante a vixencia deste convenio, estableceranse as seguintes axudas de custo diarias:

1. En Galicia serán de 32,10 A diarios para o ano 2004. Para o resto dos anos, a comisión paritaria establecerá a contía en función do establecido no último parágrafo deste artigo.

2. No resto do Estado español e Portugal serán de 35 A diarios para o ano 2004. Para o resto dos anos, a comisión paritaria establecerá a contía en función do establecido no último parágrafo deste artigo.

3. En internacional serán de 43,41 A diarios para o ano 2004 desde o cruzamento da fronteira. Para o resto dos anos, a comisión paritaria establecerá a contía en función do establecido no último parágrafo deste artigo.

Establécese a media axuda de custos calculada na metade dos importes consignados nos parágrafos anteriores.

No caso de que o IPC real o 31 de decembro de cada ano asinado neste convenio superase o incremento porcentual acordado no artigo 16º deste convenio, a revisión salarial a que haxa lugar aplicarase igualmente sobre o concepto de axudas de custo.

Artigo 16º.-Incrementos salariais.

Este convenio entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2004. As empresas aboarán os atrasos derivados da aplicación deste convenio nos tres meses seguintes á data do seu asinamento, tendo as ditas empresas como data límite para efectuaren o dito aboamento o 31 de decembro de 2004.

Os incrementos salariais que se pactan son os que seguen:

Ano 2004: 3,5%.

Ano 2005: 3,25%.

Ano 2006: 3,25%.

Ano 2007: 3%.

Os referidos incrementos aplicaranse sobre todos os conceptos retributivos excepto a antigüidade, que subirá cada ano a metade da porcentaxe sinalada para el.

No suposto de que o IPC o 31 de decembro de cada ano dos citados, e que se coñecerá no mes de xaneiro do ano seguinte, fose superior ao incremento porcentual acordado, terá lugar necesariamente unha revisión salarial consistente en aplicar o exceso habido entre o incremento porcentual acordado e o IPC real rexistrado ese ano, salvo para a antigüidade, que será a metade do dito exceso.

As cantidades resultantes, se é o caso, aboaranse na nómina seguinte á constatación oficial do índice motivador da revisión con carácter retroactivo en

1 de xaneiro de 2004, o 1 de xaneiro de 2005, o 1 de xaneiro de 2006 e o 1 de xaneiro de 2007, respectivamente.

Artigo 17º.-Cláusula de inaplicación salarial.

Os compromisos en materia salarial contidos neste convenio non serán de aplicación para aquelas empresas que acrediten perdas no resultado do último exercicio, correspondendo neste suposto o mantemento do mesmo nivel retributivo que viñan aplicando no ano en que se producen as perdas.

O procedemento que se seguirá nestes casos será o seguinte:

a) A empresa afectada deberá formular a solicitude de desvinculación ante a comisión paritaria do convenio ou no DOG no prazo máximo de 60 días desde a publicación do convenio no BOP, xuntando a seguinte documentación:

1. Memoria explicativa da solicitude.
2. Documentación que acredite a causa invocada, entre a que figurará necesariamente a presentada pola empresa ante os organismos oficiais (Ministerio de Facenda e Rexistro Mercantil), referida ao último exercicio.

Os membros da comisión paritaria deberán observar, en todo caso, a obriga de segredo profesional en canto á documentación presentada pola empresa solicitante.

b) A comisión paritaria, unha vez recibida a solicitude da empresa afectada, acompañada da documentación prevista no punto anterior, solicitará preceptivamente o informe da representación legal dos traballadores da empresa solicitante, a cal terá un prazo máximo de 10 días para emitilo, contados a partir do seguinte a aquel en que reciba o requirimento da comisión paritaria.

A representación legal dos traballadores da empresa solicitante deberá observar igualmente a obriga do segredo profesional en todo o concernente á documentación presentada por aquela.

c) A comisión paritaria, unha vez cumprido o trámite previsto no punto anterior, deberá resolver no prazo máximo de quince días sobre a petición de desvinculación realizada, á vista da documentación que consta no seu poder.

d) No caso de que a resolución da comisión paritaria fose denegatoria da solicitude, a empresa solicitante poderá someter, se así convén aos seus intereses, a cuestión á vía xurisdiccional competente.

Unha mesma empresa non se poderá desvincular do convenio colectivo máis dun ano.

A recuperación do poder adquisitivo perdido polos traballadores, como consecuencia da aplicación da cláusula de desvinculación, efectuarase, como máximo, dentro dos dous anos seguintes ao da aplicación da devandita cláusula.

En todo caso, a desvinculación só afectará os incrementos salariais pactados neste convenio do ano para o cal se solicite a aplicación da cláusula.

Capítulo IV

Organización do traballo

Artigo 18º.-Período de proba.

- a) Técnicos titulados: 6 meses.
- b) Restantes traballadores: 2 meses, salvo en empresas de menos de vinte e cinco traballadores, que será de 3 meses.

Artigo 19º.-Mobilidade funcional.

A mobilidade funcional no seo da empresa, que se efectuará sen prexuízo dos dereitos económicos e profesionais do traballador, non terá máis limitacións que as exixidas polas titulacións académicas ou profesionais precisas para exercer a prestación laboral e a pertenza ao grupo profesional.

Entenderase por grupo profesional o que agrupe unitariamente as aptitudes profesionais, titulacións e contido xeral da prestación, podendo incluír tanto as diversas categorías profesionais como distintas funcións ou especialidades profesionais.

A mobilidade funcional realizada entre grupos profesionais distintos só será posible se existisen razóns técnicas ou organizativas, polo tempo imprescindible.

1. Mobilidade funcional descendente: a encomenda a un traballador de funcións inferiores ás do seu grupo profesional só estará xustificada por necesidades perentorias ou imprevisibles da actividade produtiva, manténdosele en todo caso a retribución debida.

2. Mobilidade funcional ascendente: a encomenda a un traballador de funcións superiores ás do seu grupo profesional, por un período de 4 meses durante un ano ou de 7 durante dous anos daralle dereito ao traballador a percibir a diferenza retributiva correspondente e ao ascenso, salvo que a vacante fose cuberta.

Capítulo V

Contratación e formación

Artigo 20º.-Contratación eventual.

Son traballadores eventuais aqueles admitidos para atender as exixencias circunstanciais do mercado, acumulación de tarefas ou pedidos, mesmo tratándose da actividade normal da empresa, sempre que así conste por escrito.

Os traballadores así contratados terán os mesmos dereitos e igualdade de trato que os demais traballadores do cadro de persoal, salvo as limitacións que derivan da natureza e duración do seu contrato.

O contrato terá unha duración máxima de doce meses dentro dun período de 18 meses.

Artigo 21º.-Conversión de contratos temporais en indefinidos.

De conformidade coa lexislación laboral vixente, acórdase que os contratos de duración determinada, incluídos os contratos formativos, poderán ser convertidos en contratos para o fomento da contratación indefinida suxeitos ao réxime xurídico establecido na dita lexislación vixente.

Artigo 22º.-Cursos de perfeccionamento.

Cando se organicen cursos de perfeccionamento e voluntariamente o realicen os traballadores, logo

de autorización da empresa, os gastos de matrícula serán por conta daquelas.

Para a realización de exames oficiais que conduzan ao perfeccionamento profesional no centro de traballo, o traballador terá a correspondente licenza con dereito a retribución e deberá xustificar tanto a formalización da matrícula como ter asistido aos ditos exames.

Capítulo VI

Varios

Artigo 23º.-Roupa de traballo.

As empresas porán á disposición do persoal luvas para manipular o ferro, materias e obxectos que requiran a protección das mans, e proverá de roupas de auga e botas adecuadas os que efectúen traballos á intemperie.

É obriga da empresa facilitarlles aos traballadores de movemento dúas pezas de roupa de traballo idóneas para o desempeño do seu cometido e a súa reposición no momento necesario.

As pezas de roupa citadas cumprirán a Lei 31/1995, sobre prevención de riscos laborais.

Artigo 24º.-Xubilacións.

As empresas e os traballadores afectados por este convenio procurarán concertar a xubilación anticipada aos 64 anos, de acordo co disposto no Real decreto lei 1194/1985, do 17 de xullo.

Artigo 25º.-Defunción.

As empresas afectadas por este convenio e durante a súa vixencia, estarán obrigadas a concertar unha póliza de seguro colectivo de vida aos seus traballadores por un importe de 3.500 euros por cada traballador no momento da publicación do convenio, que será aboado ao beneficiario designado polo traballador por esta orde:

1º Cónxuxe ou parella estable.

2º Fillos.

3º Ascendentes.

4º Persoa a quen designe o traballador: este caso anula os beneficiarios anteriores.

Independentemente do seguro de vida a que ten dereito o traballador, aboaráselle ao beneficiario o salario completo do mes en que se produza o seu falecemento.

Artigo 26º.-Incapacidade temporal.

A empresa aboará durante o período de incapacidade temporal a diferenza existente entre a prestación correspondente á Seguridade Social e o 100% da base reguladora do traballador, nas seguintes condicións:

a) No suposto de accidente de traballo, desde o primeiro día da baixa no traballo.

b) Cando a enfermidade requira intervención cirúrxica ou ingreso en centro sanitario, desde o primeiro día do ingreso do traballador no centro sanitario que corresponda.

Este complemento só se poderá percibir por un período de seis meses no prazo dun ano.

En todos os demais casos, o subsidio que se aboe será o 75% da base de cotización do traballador durante todo o período que este se encontre na situación de incapacidade temporal.

En caso de enfermidade ou accidente fóra do Estado español co que non haxa convenio entre a Seguridade Social de ambos os países, as empresas terán que sufragar os gastos que o traballador poida carrexar coa dita enfermidade ou accidente ata a súa repatriación.

Artigo 27º.-Póliza de seguros.

As empresas comprendidas no ámbito de aplicación deste convenio e durante a súa vixencia estarán obrigadas a concertar con primas íntegras ao seu cargo, cando se publique o convenio, unha póliza de seguros que cubra os riscos de morte e invalidez por accidente de traballo e que lles garanta a todos os traballadores daquelas a percepción das indemnizacións seguintes:

a) En caso de falecemento do traballador por accidente: 25.000 euros.

b) En caso de invalidez total ou absoluta do traballador por accidente: 30.000 euros.

Esta compensación é compatible coa pensión e indemnización que poida causar o traballador na Seguridade Social.

Artigo 28º.-Privación do carné de conducir.

Para os casos de privación do carné de conducir ou tarxeta ADR de calquera traballador afectado por este convenio, a empresa estará obrigada a lle facilitar ao traballador ocupación en calquera posto de traballo, mesmo de inferior categoría, polo período da suspensión do carné, sempre que esta non excedese de seis meses ou de oito se se trata da suspensión da tarxeta ADR, sen perda de emolumentos que viñese percibindo aquel e, igualmente, sempre que non concorran os seguintes requisitos:

a) Que a privación do carné de conducir ou tarxeta ADR, derive de feitos acaecidos no exercicio da actividade de conducir alleo á empresa.

b) Que a privación do carné de conducir ou tarxeta ADR, sexa como consecuencia da comisión de delitos dolosos.

c) Que a privación do carné de conducir ou tarxeta ADR, non se producise no prazo dun ano desde a última privación.

d) Que a privación do carné de conducir ou tarxeta ADR, sexa consecuencia de ter inxerido bebidas alcohólicas ou tomado algún tipo de estupefaciente, ou ter incorrido en imprudencia temeraria.

A garantía de condución establecida no parágrafo primeiro deste artigo aplicaráselles aos traballadores cando vaian ao seu lugar de traballo ou cando saian del en calquera vehículo.

Artigo 29º.-Multas e sancións.

As multas que se lles impoñan aos condutores, por causas imputables exclusivamente á empresa ou

aos vehículos, serán aboadas polas respectivas empresas.

Os condutores están obrigados a entregar o boletín de denuncia ao render a viaxe ou servizo, e sempre co tempo necesario para que a empresa poida facer uso do dereito a recorrer a sanción.

No suposto de que a empresa non puidese recorrer a sanción por atraso na entrega do boletín de denuncia, o seu importe será por conta do traballador, salvo que o mencionado atraso sexa debido a causa xustificada, que deberá demostrar o traballador afectado de maneira fidedigna.

Artigo 30º.-Garantías sindicais.

Recoñécense as garantías sindicais conforme o establecido na Lei orgánica de liberdade sindical.

Artigo 31º.-Comisión paritaria.

A comisión paritaria será un órgano de interpretación, conciliación, arbitraje e vixilancia do convenio.

As súas funcións específicas serán as seguintes:

1. Interpretación auténtica do convenio.
2. Arbitraje dos problemas ou cuestións que lle sexan sometidos por ambas as partes, de común acordo en asuntos derivados deste convenio.
3. Conciliación facultativa nos problemas colectivos con independencia das atribucións que por norma legal lles poidan corresponder aos organismos correspondentes.
4. Vixilancia e seguimento do cumprimento do pactado.
5. Estudo da evolución das relacións entre as partes contratantes.
6. Cantas outras cuestións tendan á maior eficacia práctica do convenio.
7. Coñecer e resolver as solicitudes de inaplicación salarial que se lle sometan.

Os acordos ou resolucións adoptados por unanimidade de todos os membros presentes da comisión paritaria terá carácter vinculante.

Se non se obtén unanimidade, seguiranse, para a resolución das cuestións presentadas, as canles previstas legalmente.

A comisión paritaria estará integrada por 8 vogais, 4 empresarios e 4 traballadores, que serán designados de entre as respectivas representacións asinantes do convenio.

Poderanse nomear asesores por cada representación, aínda que non terán dereito a voto.

A comisión paritaria, en primeira convocatoria, non poderá actuar sen a presenza de todos os vogais previamente convocados, e en segunda convocatoria, que terá lugar media hora despois da primeira, actuará cos que asistan, tendo voto unicamente un número paritario dos vogais presentes, sexan titulares ou suplentes.

A comisión reunirse por instancia das partes, pódose de acordo sobre o lugar e a hora en que deberá ter lugar a reunión.

En ningún caso se poderá reunir a comisión paritaria antes do transcurso dun prazo de tres meses desde a anterior, salvo no suposto de circunstancias extraordinarias debidamente xustificadas apreciadas de común acordo.

Ambas as partes conveñen en dar coñecemento á comisión paritaria de cantas dúbidas, discrepancias e conflitos se puidesen producir como consecuencia da interpretación e aplicación deste convenio, para que a comisión actúe de acordo coas súas funcións.

Como domicilio da comisión paritaria fíxase a praza Luís Seoane, torre 1, entresollado, no código postal 15008 da Coruña, e co teléfono 981 13 28 45.

ANEXO

Táboa salarial (ano 2004)

Categorías	Mes (€)	Extra (€)	Total (€)
GRUPO 1º			
Persoal superior técnico:			
-Subgrupo A.			
Xefe de servizo	1.182,40	933,49	16.989,32
Inspector provincial	1.098,79	867,49	15.787,90
-Subgrupo B.			
Enxeñeiros e licenciados	1.114,38	879,79	16.011,99
Enxeñeiros técnicos e auxiliares titulados	968,43	764,53	13.914,75

Axudantes técnicos sanitarios	895,86	707,27	12.872,18
GRUPO 2°			
-Subgrupo A.			
Persoal administrativo:			
Xefe de sección	993,24	784,12	14.271,20
Xefe de negociado	961,94	759,42	13.821,53
Oficial de primeira	914,69	722,12	13.142,66
Oficial de segunda	889,38	702,11	12.778,84
Auxiliar administrativo	853,19	673,57	12.259,01
Persoal de axencias de transporte:			
Encargado xeral	950,69	750,56	13.659,95
Encargado de almacén	895,26	706,79	12.863,55
Capataz	873,55	689,64	12.551,53
Mozo especializado	865,95	683,67	12.442,45
Mozo de carga, descarga e repartición	849,85	670,94	12.211,00
-Subgrupo B.			
Transporte de mercadorías:			
Xefe de tráfico de primeira	950,69	750,56	13.659,95

Xefe de tráfico de segunda	919,64	726,01	13.213,70
Xefe de tráfico de terceira	899,27	709,95	12.921,08
Condutor-mecánico	916,68	723,68	13.171,19
Condutor	900,40	710,86	12.937,36
Condutor de motocicleta e furgón	882,02	696,31	12.673,12
Axudante de condutor	869,88	686,72	12.498,68
Mozo especializado	867,51	684,86	12.464,65
Mozo de carga, descarga e repartición	849,85	670,94	12.211,00
-Subgrupo C.			
Persoal de servizos auxiliares:			
* Sección 1ª			
Garaxes:			
Encargado xeral de primeira	914,69	722,12	13.142,66
Encargado xeral de segunda	867,51	684,86	12.464,65
Encargado de almacén	856,25	675,96	12.302,82
Engraxador-lavacoches	877,47	692,77	12.607,98
Garda de noite	849,85	670,94	12.211,00

Garda de día	849,85	670,94	12.211,00
* Sección 2ª			
Estación de lavado e engraxamento:			
Encargado de primeira	908,16	716,97	13.048,82
Encargado de segunda	867,51	684,86	12.464,65
Engraxador	877,47	692,77	12.607,98
Mozo de servizo	849,85	670,94	12.211,00
-Subgrupo H.			
Transportes mobles mudanzas e gardamobles:			
Xefe de tráfico	950,69	750,56	13.659,95
Inspector-visitador	919,64	726,01	13.213,70
Encargado de almacén e gardamobles	908,16	716,97	13.048,82
Capataz	898,58	709,40	12.911,12
Capitonista	895,28	706,79	12.863,67
Mozo especializado	861,41	680,06	12.377,09
Mozo	849,85	670,94	12.211,00
Carpinteiro	895,28	706,79	12.863,67

Condutor-mecánico	916,68	723,68	13.171,19
Condutor	882,02	696,31	12.673,12
Condutor de motocicleta e furgón	860,56	679,39	12.364,92
GRUPO 3°			
Persoal de movemento:			
Factor	899,25	709,94	12.920,81
GRUPO 4°			
Persoal de talleres:			
Xefe de taller	1.057,64	834,96	15.196,49
Encargado xeral	945,18	746,18	13.580,74
Encargado ou contramestre	945,18	746,18	13.580,74
Encargado de almacén	945,18	746,18	13.580,74
Xefe de equipo	916,68	723,68	13.171,19
Oficial de primeira	907,23	716,26	13.035,54
Oficial de segunda	878,46	693,52	12.622,04
Oficial de terceira	877,85	693,04	12.613,26
Mozo de taller	867,41	684,80	12.463,35

GRUPO 5°			
Cobrador de facturas	853,19	673,57	12.259,01
Telefonista	844,70	666,91	12.137,20
Porteiro	861,09	679,80	12.372,46
Vixilante	861,09	679,80	12.372,46
Limpadora (importe por hora)			2,79